

# PLAN DIXITAL

## CEIP RANDUFE

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O CEIP RANDUFE, situado en Chans do Carrasco s/nº na parroquia de Randufe é un centro de E.Infantil e E.Primaria. No curso 2021/2022 conta cun total de 156 alumnos/as. O claustro está formado por 20 mestres (4 de E.I. e 16 mestres de E.P. e especialistas).

[ceip.randufe@edu.xunta.gal](mailto:ceip.randufe@edu.xunta.gal) <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprandufe/>

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Destacar nas características socioeconómicas que o 50% do alumnado recibe axudas para fondo libros e material.
- O nivel académico das familias é baixo pero cun gran interés pola educación dos seus fillos/as. A parroquia ten unha asociación cultural que dinamiza o entorno ofertando clases de música, pintura, teatro... e conta cunha gran implicación da veciñanza. Outras das asociacións presentes na parroquias son as asociación dos Muiñeiros do Tripes que intentan preservar as tradicións da terra. Outra entidade é a Comunidade de Montes que tamén ten unha participación moi activa na educación ambiental do alumnado (plantacións, xornadas...) e ademais colabora economicamente coa escola cando se lles pide.
- Salientar tamén que nestes últimos anos fíxose patente o desnivel que existe entre o alumnado en materia de competencia dixital moi dependente do nivel socioeconómico das familias (o alumnado pertencente a unha familia con máis medios económicos dispón de dispositivos máis cómodos para traballar (teclados, pc con programas actualizados...) e sobre todo unha conciencia de que a competencia dixital non significa manexarse con soltura nunha rede social senón empregar diferentes programas útiles no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Outro dato significativo que atopamos é o autoconceito que o alumnado ten sobre as súas competencias dixitais. Teñen un autoconceito moi elevado pero o que saben realmente non lles é útil para os distintos procesos de ensino. Así, atopámonos nenos e nenas moi competentes en manexo de redes sociais (Tik-tok, Instagram...) pero despois non son quen de enviar un correo electrónico dun xeito correcto, nin manexan o teclado con soltura...
- O noso centro foi un dos primeiros centros Abalar de Galicia e tamén en participar no programa E-dixgal, polo que se pode intuír que é un centro no que o profesorado e o alumnado empregan as novas tecnoloxías no proceso de ensinanza-aprendizaxe. O centro emprega o sistema Abalar móbil para a comunicación coas familias.
- Este PD está presente na Programación Xeral Anual do curso 22/23 xa que se propoñen obxectivos para mellorar a competencia dixital do alumnado.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a realización deste plan tivéronse en conta as seguintes bases legislativas:

*Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*

*Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

*Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

### 1.4. Proceso de elaboración

A organización do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital partiu do equipo directivo coa colaboración de todo o profesorado do centro e coa axuda dos asesores ADIX Tui. Foron facéndose as diferentes actividades que o equipo ADIX Tui propuña na aula virtual. Para a súa realización titorizaban o que se ía facendo. Neste proceso axudou moitísimo as plantillas elaboradas polo equipo ADIX Tui.

O primeiro paso foi a elaboración do cuestionario que profesorado e alumnado teríamos que responder unha vez feito. A coordinadora do equipo Tic xunto coa directora elaborou ese cuestionario. Un vez obtivemos os resultados do Selfie os compartimos co claustro do profesorado. Logo con estes datos e unha posta en común de tódalas fortalezas, debilidades e propostas de mellora elaborouse o DAFO para máis tarde con toda esta documentación propoñer uns obxectivos moi sinxelos pero realistas.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### Equipamento do centro

AULA	EQUIPO	ESTADO	USUARIO	USO	MODO DE ADQUISICION
4º INFANTIL	2 portátiles	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Enviado desde a administración (ordinario)
	proxector	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	altofalantes	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
5º INFANTIL	Portátil	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro

	altofalantes	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	proxeutor	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
6º INFANTIL	Portátil	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	altofalantes	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	proxeutor	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Enviado desde a administración (ordinario)
	Ordenador de mesa completo	correcto	alumnos	Aula dixitalizada	Enviado desde a administración (ordinario)
PSICOMOTRICIDADE	Portátil	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	altofalantes	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	proxeutor	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
1º PRIMARIA	2 CPU	Non funcionan	alumnos	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	2 pantallas de ordenador de mesa	Desfasadas e en mal estado	alumnos	Aula dixitalizada	1 Adquirido polo centro 1 Enviado desde a administración (ordinario)
	Portátil	Antigo e desfasado	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	proxeutor	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	altofalantes	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
2º PRIMARIA	Portátil	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	proxeutor	Bo estado	mestra	Aula dixitalizada	Enviado desde a administración (ordinario)
	altofalantes	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	1 adaptador VGA	Bo estado	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro

	1pizarra dixital	Non funciona	mestra	Aula dixitalizada	Enviado desde a administración (ordinario)
3º PRIMARIA A	Ordenador de mesa completo	correcto	mestre	Aula dixitalizada	Enviado desde a administración (ordinario)
	impresora	Bo estado	mestre	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	altofalantes	correcto	mestre	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	2pizarra dixital	correctas	mestre	Aula dixitalizada	Enviadas desde a administración (ordinario)
	3proxectores	2 en Bo estado 1 non funciona	mestre	Aula dixitalizada	2 Enviados desde a administración (ordinario) 1 Adquirido polo centro
	4 CPU	Non funcionan	alumnos	Aula dixitalizada	1 Enviado desde a administración (ordinario) 3Adquiridas polo centro
3º PRIMARIA B	Portátil	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Enviado desde a administración (ordinario)
	altofalantes	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	proxeutor	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	2 Ordenadores de mesa completo	correctos	alumnos	Aula dixitalizada	Enviado desde a administración (ordinario)
4º PRIMARIA	2pizarra dixital	1correcta 1 non funciona	mestre	Aula dixitalizada	Enviadas desde a administración (ordinario)
	proxeutor	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	Portátil	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Enviado desde a administración (ordinario)

	altofalantes	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	Ordenador de mesa completo	correcto	mestre	E-DIXGAL	Enviado desde a administración (ordinario)
5º PRIMARIA	Portátil	correcto	mestra	E-DIXGAL	Enviado desde a administración (E-DIXGAL)
	proxeutor	correcto	mestra	E-DIXGAL	Enviado desde a administración (E-DIXGAL)
	1 pizarra dixital	correcto	mestra	E-DIXGAL	Enviado desde a administración (E-DIXGAL)
	altofalantes	correcto	mestra	E-DIXGAL	Adquirido polo centro
	20 portátiles	Variable, algúns están antigos e con certos danos	alumnos	E-DIXGAL	Enviado desde a administración (E-DIXGAL)
6º PRIMARIA	Portátil	correcto	mestra	E-DIXGAL	Enviado desde a administración (E-DIXGAL)
	proxeutor	correcto	mestra	E-DIXGAL	Enviado desde a administración (E-DIXGAL)
	1 pizarra dixital	correcto	mestra	E-DIXGAL	Enviado desde a administración (E-DIXGAL)
	2 altofalantes	correcto	mestra	E-DIXGAL	Adquirido polo centro
	23 portátiles	Variable, algúns están antigos e con certos danos	alumnos	E-DIXGAL	Enviado desde a administración (E-DIXGAL)
AUDICION E LINGUAXE	Portátil	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	altofalantes	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	2 pantallas ordenador	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro

PEDAGOXÍA TERAPEUTICA	Portátil	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Adquirido polo centro
	2 Portátiles	En mal estado, antigos e desfasados	alumnos	Aula dixitalizada	1 Enviado desde a administración (ordinario) 1 Adquirido polo centro
	proxeutor	correcto	mestra	Aula dixitalizada	Enviado desde a administración (ordinario)
SALA DE PROFESORADO	3 pantallas ordenador	antigos	mestres	Uso do profesorado	1 Enviado desde a administración (ordinario) 2 Adquirido polo centro
	3 CPU pantallas ordenador	antigos	mestres	Uso do profesorado	2 Enviado desde a administración (ordinario) 1 Adquirido polo centro
	Fotocopiadora	correcto	mestres	Uso do profesorado	Adquirido polo centro
	Fotocopiadora	correcto	mestres	Uso do profesorado	Renting
	Altofalante móbil	correcto	mestres	Uso do profesorado	Adquirido polo centro
DESPACHOS EQUIPO DIRECTIVO	Ordenador de mesa completo	correcto	secretariado	Postos de traballo de xestión e administración do centro	Enviado desde a administración (ordinario)
	1 CPU	correcto	xefatura	Postos de traballo de xestión e administración do centro	Enviado desde a administración (ordinario)
	1 pantalla de ordenador de mesa	correcto	xefatura	Postos de traballo de xestión e administración do centro	Adquirido polo centro



	1 CPU	correcto	dirección	Postos de traballo de xestión e administración do centro	Adquirido polo centro
	1 pantalla de ordenador de mesa	correcto	dirección	Postos de traballo de xestión e administración do centro	Enviado desde a administración (ordinario)
BIBLIOTECA	Ordenador de mesa completo	correcto	mestres	Uso na biblioteca (catálogo de libros, empréstanos, consultas, etc.)	Enviado desde a administración (ordinario)
	impresora	Bo estado	mestre	Uso na biblioteca	Adquirido polo centro
ORIENTACIÓN	Ordenador de mesa completo	correcto	Orientadora	Postos de traballo de xestión e administración do centro	Adquirido polo centro
	impresora	Bo estado	Orientadora	Postos de traballo de xestión e administración do centro	Enviado desde a administración (ordinario)
VARIOS	3Portátiles	correcto	Mestres especialidades de inglés, EF e música	E-DIXGAL	Enviado desde a administración (E-DIXGAL)
	2 tabletas	Bo estado	mestre	Ultraportátiles para aula móbil	Adquirido polo centro
	2 portátiles	correcto	alumnos	De repostos por si incidencias	Enviado desde a administración (E-DIXGAL)

### Servizos dixitais educativos

Como servizos dixitais corporativos empregados no centro atopamos a nosa web <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprandufe/>, empregada como medio de comunicación oficial, a través da que informamos das novas pero tamén das conmemoracións levadas a cabo, os proxectos e programas que se levan a cabo para de esta forma crear unha ponte informativa e visual coas familias e o público en xeral.

Dispoñemos da Aula Virtual a través da que os alumnos poden acceder a recursos, actividades vídeos, etc. tanto para o seu curso como de equipos coma por exemplo de Normalización ou Convivencia.

Para a comunicación coas familias e notificacións o medio empregado é Abalar.

En canto ao programa E-Dixgal neste curso os beneficiarios foron 43 alumnos repartidos en 5º de educación primaria (20 alumnos) que se iniciaban no proxecto e 23 alumnos de 6º de primaria que finalizaban o proxecto neste Centro. Cabe salientar que neste curso o ordenador foi unha ferramenta indispensable e de gran importancia á hora de intercambiar información alumno-profesor e viceversa e minimizar, deste xeito, o contacto interpersoal dada a situación sanitaria que estivo vixente durante case todo o curso académico.

Como punto de mellora temos que nomear o feito de ser necesaria por parte da consellería unha formación, por mínima que sexa, de cara aos mestres que participen nel.

Durante o curso xurdiron numerosas incidencias en canto ao funcionamento tanto da plataforma EVA como da conexión a internet, esta última con certa mellora no ultimo trimestre por unha mellora nas instalación da conexión aínda que só se notaron en parte do centro. As incidencias foron informadas ao servizo Premium no mínimo tempo posible e foron resoltas en diferentes tempos segundo a dificultade do arranxo.

Desde o equipo facemos un pedimento á Consellería en canto á reparación e reposición de equipos. Entendemos que con un uso tan continuado durante varios cursos académicos os equipos, maletíns e accesorios se deteriorenen co uso, polo tanto entendemos que é a propia Consellería quen se ten que facer cargo de ditas reparacións ou reposicións.

Os servizos dixitais non corporativos que empregamos é a salientar o noso Caderno Dixital de Aula, ferramenta empregada sobre todo no ultimo ciclo pero valida para todos os cursos, para manter ao día o traballo e tarefas do alumnado en caso de falta de asistencia ao centro posto que existe unha actualización diaria que permite manter informados, tanto do realizado na aula coma as tarefas e eventos que se programan.

A maiores e de xeito persoal atopamos as diversas plataformas e webs que emprega o profesorado como pode ser Quizizz, Liveworksheets, Canva, Kahoot, Classcraft, Classroomscreen, Coogle, Mindomo, Socrative, Voki, etc.

## **Xestión do mantemento do equipamento do centro**

Todo o equipamento facilitado pola administración e o asociado aos diferentes proxectos é atendido e mantido pola propia administración, sendo substituído ao final da súa vida útil en caso de que o seu uso siga estando vixente. Ademais entendemos que salvo un mantemento e actualizacións xerais que poida realizar tanto o profesorado como o equipo TIC's a administración encargárase da revisión e reparación de erros derivados do uso diario.

## **Protocolos relacionados coas TIC's**

En canto aos protocolos relacionados coas TIC's no centro CEIP Randufe podemos atopar os seguintes:

Na PXA do centro, no seu punto 17:

### 17.- Plan de actividades nas tics

As novas tecnoloxías da comunicación de información son unhas ferramentas de traballo habituais que nos rodean na sociedade actual, polo que cremos necesario estimular aos nenos/as, mestres e pais a coñecer estas novas tecnoloxías para seguir abrindo camiños á creatividade e investigación, incorporando ao proceso de ensino-aprendizaxe as posibilidades que estas nos ofrecen.

Pretendemos que todos entendan as novas tecnoloxías, sobre todo o ordenador, como instrumentos de axuda, de recursos, de creatividade, de xogo; onde son os principais protagonistas.

A introdución das novas tecnoloxías na escola dende Educación Infantil ata primaria, promove unha continua aprendizaxe mutua, descubriendo xuntos todas as posibilidades deste medio e as novas ferramentas que xorden que, para os mestres abren un abano de posibilidades de reciclaxe e innovación.

Consideramos que nunha sociedade cambiante como a que vivimos, a escola ten a posibilidade de integrar esta realidade e participar activamente nela. Por iso o centro aposta por isto introducindo o proxecto EDIXGAL (traballo con libros dixitais) en 5º e 6º curso.

## **OBXECTIVOS:**

### **CURRICULUM DE EDUCACIÓN INFANTIL**

Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para desenvolver e favorecer a aprendizaxe. Iniciarse na utilización de programas informáticos sinxelos.

### **CURRICULUM DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

#### **1º e 2º de Ed. Primaria.**

1. Iniciación no uso das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de aprendizaxe en tarefas sinxelas.
2. Utilización de programas educativos sinxelos en relación con contidos secuenciados.
3. Interese polo emprego das tecnoloxías da información e a comunicación.

#### **3º e 4º de Ed. Primaria.**

1. Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de aprendizaxe.

2.Utilización de programas educativos.

3.Interese polo emprego das tecnoloxías da información e a comunicación, como instrumento de traballo, utilizando a linguaxe de forma correcta.

### **5º e 6º de ED. Primaria.**

1.Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de aprendizaxe.

2.Utilización de programas educativos. Uso do procesador de textos para elaborar traballos.

3.Procura de información en Internet. Utilización dos buscadores máis frecuentes. Estratexias de busca.

4.Interese polo emprego das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo, utilizando a linguaxe de forma correcta.

5. Uso en 5º e 6º curso dos libros dixitais. Proxecto EDIXGAL.

### **Necesidades do departamento**

O equipo de TIC cre que debe prevalecer o esforzo en mellorar as habilidades do profesorado para normalizar as novas tecnoloxías na aula e ser unha ferramentas máis de ensino-aprendizaxe, por iso, estamos a demandar dende o Centro Formación específica para o profesorado:

- Uso da páxina web da escola e formación para o profesorado.
- Uso do EDIXGAL nas aulas de 5º e 6º curso.
- Usa das novas tecnoloxías para nenos e nenas con necesidades educativas específicas.
- Uso dos recursos tecnolóxicos do colexio.

### **Obxectivos para o curso 2.021/2.022**

Neste curso, propómonos os seguintes obxectivos:

- a) Promover o uso da aula de informática como unha ferramenta de aprendizaxe máis, promovendo a utilización de diferentes recursos como aplicacións de tipo ClassDojo.
- b) Actualizar, difundir e propoñer actividades dende o blogue do centro tan útil para as aulas ABALAR como para o resto do centro.
- c) Uso dun banco de recursos habituais (xornais dixitais, dicionarios, enciclopedias, xogos educativos, etc.) de acceso sinxelo dende o blogue do centro ou dende a “nube” do cole.
- d) Preparar presentacións e vídeos para descargar ou visualizar como contido dixital coa revista Andoriña empregando códigos QR.
- e) En colaboración coa biblioteca, facer de forma dixital a revista promocional “O berce de papel”. Trataríase de facer un vídeo periodicamente no que os nenos e nenas recomenden o libro que máis lles guste.
- f) Formar ao profesorado en tódolos ámbitos posíbeis, páxina web, aula virtual, ferramentas

- do cole (nube, PDI, fotocopiadora,...)
- g) Continuar co grupo de whatsapp para o profesorado para poder manter una conversación fluída das novas, reunións, e demais eventos que xorden no día a día do desenvolvemento da actividade do colexio.
  - h) Elaboración dunhas normas de funcionamento para os ordenadores de uso común, para unha maior seguridade e mellor funcionamento de eles.
  - i) Colaborar no mantemento e actualización dos equipos.

Ademais tamén podemos ter en conta as referencias as TIC's no protocolo de adaptación de situación covid no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprandufe/system/files/Protocolo%20adaptación%20Ceip%20Randufe.pdf>

### **Necesidades de mellora de equipamento**

As administracións educativas axudan a potenciar a innovación nos centros educativos desde o ámbito das TIC, pois as considera motor de cambio metodolóxico desde o enfoque das tecnoloxías da aprendizaxe e o coñecemento no desenvolvemento curricular. Para ese efecto, o seu obxectivo é desenvolver e potenciar a competencia dixital de docentes, centros educativos e alumnado. Para iso prevese a dotación aos centros educativos públicos de tabletas dixitais e paneis interactivos, así como carros de almacenamento e carga, que se converterán nas ferramentas que complementen as pizarras tradicionais e dixitais Interactivas, proxectores, e os tradicionais libros de texto impresos.

Non debemos esquecer que, para que a tecnoloxía poida contribuír a potenciar o ensino e a aprendizaxe é necesario que a infraestrutura dixital estea operativa e sexa fiable e segura, ademais de escalable, ao longo do proceso de desenvolvemento. Sen isto non será posible a súa integración, e na súa ausencia ou as súas limitacións atopamos un dos problemas máis previsibles e, con todo, comúns no proceso de integración. Deste xeito, é especialmente importante que o equipamento estea en bo estado e sexa o suficiente e adecuado e, tal e como se pode advertir na listaxe do equipamento, no centro carecemos non só dun equipo axeitado e actualizado en cada aula senón que en algúns niveis, como pode ser infantil nin sequera temos pizarras dixitais coas que poder aplicar estas ensinanzas dun xeito práctico cos cativos.

Por todo isto solicitamos a administración a dotación de equipamento coma, entre outros, pizarras dixitais ou portátiles e ordenadores suficientes coma para poder realizar un óptimo desenvolvemento das habilidades dixitais de docentes e alumnado facilitando o acceso ao uso da tecnoloxía, tratando de paliar a fenda dixital a través da existencia en cada unha das aulas de dispositivos actualizados e en perfectas condición de uso.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	3				
	Alumnado	4.3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.9				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado	4.4				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	4.3				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	4.3				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	4.3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	4.7				

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	<u>10</u>	<u>11</u>	<u>90,9%</u>
<b>PROVISIONAL</b>	<u>3</u>	<u>4</u>	<u>75%</u>
<b>INTERINO</b>	<u>3</u>	<u>3</u>	<u>100%</u>
<b>SUBSTITUTO</b>	<u>0</u>	<u>3</u>	<u>0%</u>
<b>DESPRAZADO</b>			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
61,8	<u>Explorador/a (A2)</u>	76,4	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	<u>40</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	68,2	<u>Integrador/a (B1)</u>

<b>PRI.</b>	72,6	<i>Integrador/a (B1)</i>	77	<i>Integrador/a (B1)</i>

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	<u>2</u>	<u>12,5%</u>
<b>A2</b>	<u>9</u>	<u>56,3%</u>
<b>B1</b>	<u>2</u>	<u>12,5%</u>
<b>B2</b>	<u>2</u>	<u>12,5%</u>
<b>C1</b>	<u>1</u>	<u>6,3%</u>
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	<u>16</u>	<u>100,1%</u>

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	Tódalas aulas contan cun proxector e un P.C.	Equipamento anticuado e con necesidade de renovación constante. O alumnado de E.Infantil e 1º e 2º ciclo de E.P. non contan cun dispositivo cada un.
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	Implicación do profesorado. O profesorado só emprega os medios corporativos porque é consciente dos riscos de empregar outras plataformas que non sexan as da Consellería. Os docentes participan activamente nos cursos organizados polo CEFORE. O centro ten acceso a recursos dixitais en liña ben organizados.	Existencia de niveis moi diferentes entre o profesorado. Falta de tempo para elaborar os materiais dixitais. As actividades que elabora o profesorado implican moita inversión do seu tempo para obter pouco aproveitamento. Pouca consideración a aquel profesorado con dificultades tecnolóxicas.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		Ausencia da figura do administrativo no centro educativo.
	<b>ALUMNADO</b>	Gran motivación e implicación nas TICS	Desmotivación por outras aprendizaxes que non sexan dixitais. Aumento de trastornos visuais. Adición ás pantallas. Excesiva confianza no seu grao de coñecemento que despois non é efectivo para a resolución de problemas. Falta de atención e concentración nas actividades que requiren outras destrezas fóra das dixitais. Conductas pouco reflexivas e moi impulsivas. Empeoramento das destrezas básicas (grafomotricidade, ortografía, motricidade fina...)
	<b>FAMILIAS</b>	Gran implicación na educación dos seus fillos/as. Emprego do abalar (o 98% das familias teñen a app abalar descargada nos seus teléfonos).	Mala xestión do tempo que adican os seus fillos/as a estar diante da pantalla. Diferentes niveis de competencias dixitais que fan unha fenda entre o alumnado. Dependencia de estar en contacto permanente co profesorado, incluso fóra do horario laboral esixindo inmediatez nas respostas. Restan autonomía aos seus fillos, xa que están pendentes eles mesmos das tarefas das que teñan que responsabilizarse o alumnado creándolles dependencia.

	<b>OFERTA</b>		Pouca adaptación as necesidades individuais en canto á oferta de formación do profesorado.
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Boa capacidade resolutiva. Existe un informático pagados co orzamento do centro para solucionar as incidencias informáticas do centro.	Non contamos cunha sala de informática, nin espazos onde facer obradoiros para as actividades dixitais. Ausencia de servizo técnico rápido para arranxar as incidencias que xorden. Desembolso económico por parte do orzamento do centro para arranxar estas incidencias tendo que suprimir a solución doutras necesidades tamén importantes. Resposta lenta por parte do Concello para instalar os dispositivos (colocación de cañóns, pizarras dixitais...)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Mellorar a dotación informática dos centros.	Excesiva burocracia. Lentitude do sistema de correo corporativo (xestión lenta, pouca capacidade de almacenamento...), da páxina da xunta moi pouco intuitiva, con dificultade para subir arquivos e moi lenta. Presión nos prazos de entrega dos documentos.
	<b>LEXISLACIÓN</b>		Cambio constante da lexislación educativa.
	<b>CONTORNA</b>		Entorno rural con mala conectividade e con servizos de conexión máis caros que no casco urbán. Falta de cobertura. A tecnoloxía favorece o aillamento social e aumenta os casos de bulliing dende idades cada vez máis temperás. Referentes inapropiados para idades tan vulnerables (youtubers, influencers...)
	<b>ANPA</b>	Disposición para colaborar	
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	Asociación cultural da parroquia pode ofertar cursos de ofimática e manexo básico. Relación colaborativa da Comunidade de Montes. A gran cantidade de recursos disponibles na rede	Moitos centros educativos para repartir os escasos recursos do Concello. Os arranxos do equipamento E-dixgal ten uns presos desorbitados e as familias teñen que pagar moitas repacións con presos abusivos.



### 3. Plan de Acción

*Tendo en conta os recursos dos que disponemos na actualidade no noso centro propoñemos uns obxectivos acordes cos medios a nosa disposición. Cada aula conta cun P.C. e no 2º ciclo teñen portátiles dos antigos abalar que aínda que estén anticuados van cumprindo a súa función. A partires do 3º ciclo non nos atopamos co problema de non ter un dispositivo para cada alumno/a xa que ao participar no programa E-dixgal o alumando dispón de cadanseu portátil.*

*Os obxectivos propostos para o próximo curso pretenden mellorar as destrezas e habilidades básicas no uso dos dispositivos, xa que se observa certa lentitude no alumando no manexo dos teclados e programas necesarios para o proceso de ensino-aprendizaxe na competencia dixital.*

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

*Cos obxectivos propostos pretendemos que o alumando, como xa indicamos no punto anterior, chegue a desenvolver as capacidades e destrezas cunha competencia axeitada á súa idade.*

*Os indicadores serán a consecución dos distintos niveis dos programas empregados e a finalización e entrega dos traballos propostos.*

*Indicar tamén brevemente:*

- Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.*
- Para conseguir cada obxectivo os responsables das mesmas indicarán a súa temporalización e os recursos necesarios. Estas recolleranse nas táboas que se empregarán para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.*

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

*Os ordenadores das aulas teñen que actualizarse e instalar os diferentes programas para a realización das actividades. Sería moi necesario renovar os pcs e pantallas de cada aula, aula de música, sala de mestres, biblioteca e despachos do equipo directivo por ser estes moi antigos e con máis motivo cando a maioría foron mercados de segunda man e ademais co orzamento do centro.*

*Nas aulas de E. infantil non hai nin houbo nunca pizarras dixitais e as poucas que hai no centro están totalmente obsoletas. Sería oportuno que se dotase a estas 3 aulas con estes recursos o no seu caso con pantallas interactivas por ser moito máis modernas e motivadoras.*

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:						
<b>OBXECTIVO 1 (1):</b>	Adquirir destrezas do uso do teclado				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Tics				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de sesión e consecución dos diferentes niveis dos programas.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 sesións					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	9 sesións					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1:Reunirse o equipo tics co claustro para propor as actividades a desenvolver e instalar os programas nos P.C. que se van a empregar.</b>	Coordinador Tics	Outubro	Sala de Mestres, P.C.,programas informáticos, técnico informático.	Esta acción será valorada co 100% de consecución cando todos os dispositivos que vaiamos a empregar teñan instalados os programas.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2:Levar a cabo as actividades propostas tendo en conta os diferentes niveis</b>	O profesorado de cada curso	Novembro	PCs, teclados, ratos e programas informáticos.	A acción sería valorada cando o alumnado vaia superando os diferentes niveis de cada programa.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3:Subir á aula virtual os programas para que o alumando practique fóra da aula.</b>	O profesorado de cada curso	1º trimestre	Conexión a internet, aula virtual, P.C, teclado, rato e programas informáticos.	Esta acción será valorada ao 100% cando os contidos estén subidos á aula virtual.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:						
1. <b>OBXECTIVO (1):</b>	Elaborar diapositivas usando programas de presentación				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	O coordinador Edixgal				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	ELABORACIÓN DE DÚAS PRESENTACIÓNS					
<b>Valor de partida (3)</b>	0					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	2					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1:Explicar aos rapaces os aplicativos dentro do programa.</b>	Titores do 3º ciclo	1º trimestre	Un pc por alumno/a Proxector	Esta actividade será valorada ao 100% cando o profesor explique os aplicativos ao alumnado.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Compoñer dúas presentacións por alumno</b>	Titores do 3º ciclo	2º e 3º trimestre	Aula, un pc por alumno/a	Esta actividade será valorada ao 100% cando todo o alumnado entregue a súas dúas presentacións.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3:Expoñer as presentacións para a súa valoración.</b>	Titores do 3º ciclo	2º e 3º trimestre	Aula, pc e proxector	Esta actividade será valorada ao 100% cando todo o alumnado faga a súa presentación.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”:						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Adquirir destrezas para a iniciación do manexo dos equipos en 6º de E.I.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador de E.Infantil e coordinador TIC da escola				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de sesións e niveis alcanzados.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	10 sesións dende o 1º ao 3º trimestre					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1:Reunión do equipo de infantil co coordinador TIC para valorar e instalar nos equipos de E.I. programas para adquirir destrezas no manexo dos equipos.</b>	Coordinador Tic e profesorado de E.Infantil	Decembro	Pc, sala. teclados, ratos, programas informáticos, Técnico informático externo ao centro.	A acción será valorada ao 100% cando todos os dispositivos teñan instalados os programas que se van a empregar.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2:Realización e práctica das actividades por parte do alumnado</b>	Profesorado de E.I.	2º Trimestre	Pcs, teclados, ratos. Profesorado de apoio na aula.	Os programas empregados Terán fases o niveis que terán que ir superando para acadar o obxectivo	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

**(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** que sexan:

- a. **Específicos** (Specific), deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- b. **Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- c. **Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
- d. **Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
- e. **Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** o **Non acadado**).

**(2) INDICADORES: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.

**(3) VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro

**(4) VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

**ACCÍONS A DESENVOLVER:**

**(5) DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

**(6) RESPONSABLES:** Son as persoas implicadas e responsables de cada acción.

**(7) DATA PREVISTA FIN :** Data concreta na que se espera finalizaría a acción completamente.

**(8) RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,...)

**(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

**(10) ESTADO:** Utilizar esta mesma táboa para reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

**ACCÍONS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## 4. Avaliación do plan

*O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:*

- *A **avaliación procesual** será realizada unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*

- *A **avaliación final** será no terceiro trimestre de cada ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

## 5. Difusión do plan

*O plan aprobarase en Consello Escolar e unha vez aprobado será exposto na páxina web do centro onde estará disponible para toda a comunidade educativa.*